

COMISIÓN INFORMATIVA DE COOPERACIÓN, INFRAESTRUTURAS E MEDIO RURAL

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **21 de abril de 2021**

Ás 18.15 horas do día 21 de abril de 2021, reúnese a comisión informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural, a través do sistema de videoconferencia (no enlace: <https://call.lifesizecloud.com/6339643>) coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidente: D. Pablo Pérez Pérez

Deputados/as do Grupo Popular:

D.^a Ana Patricia Torres Madureira

D. Álvaro José Fernández López

D. Miguel Antonio Cid Álvarez

D. Jorge Pumar Tesouro

Deputados/as do Grupo Socialista:

D. Aurentino Alonso Araújo

D.^a Elvira Lama Fernández

D.^a Rosario Rodríguez Delgado

Deputado de Democracia Ourensana: D. José Miguel Caride Domínguez

Deputado do BNG: D. Bernardo Varela López

Deputada non adscrita: D.^a Montserrat Lama Nóvoa

Secretario: D. Juan Marquina Fuentes

Interventor: D. José Mosquera Casero

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 17 DE MARZO DE 2021.-

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 17 de marzo de 2021.

Non se producen intervencións e por unanimidade a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural do día 17 de marzo de 2021, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- EXPROPIACIÓN FORZOSA PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE ACONDICIONAMENTO E MELLORA INTEGRAL NA OU-0509 LUÍNTRA-ESGOS, ENTRE OS PUNTOS QUILOMÉTRICOS 9+940 E 10+600, N.º 105/POS/2019 E N.º 105/POS/2021, NO TERMO MUNICIPAL DE ESGOS.

O Sr. secretario explica o contido da proposta, e aclara que na dita proposta figura que o Pleno adoptaría o acordo, cando tería que dicir a Xunta de Goberno, xa que ten a competencia delegada (publicada no BOP do 27.07.2019).

D. Aurentino Alonso Araújo, do Grupo Socialista, sinala que en todo caso el si quere falar da problemática desta obra, lembrando o tema da tala de árbores nun entorno espectacular e que no proxecto figura a demolición duns muros con moitos anos de antigüidade na zona da “Casa Coutada” e que deben ser, segundo o informe de Patrimonio, reconstruídos na nova aliñación e con aparencia similar á orixinal. Manifesta a súa preocupación porque no proxecto da obra non se contempla nada sobre a reposición destes muros, polo que solicita que se teña moi claro como actuar nesta zona, tanto polo impacto ambiental como patrimonial da obra.

O **presidente da comisión** explica que este proxecto xa é coñecido desde hai meses, que representantes do BNG e do PSOE xa accederon ao expediente, incluso a directora da Área de Infraestruturas os recibiu e explicoulles con detalle en que consiste a obra proxectada. Respecto á reconstrución dos muros sinala que existe un proxecto na Deputación e que xa está informado por Patrimonio. Engade ademais que o organismo que leva a proposta da Ribeira Sacra como patrimonio da humanidade tamén solicitou información e emitiu un informe favorable para a execución desta obra, porque entende que non hai ningún problema.

D. Aurentino Alonso Araújo, do Grupo Socialista, pide que se lle dea acceso ao expediente do proxecto de reconstrución dos muros.

O presidente da comisión contesta que se lle facilitará sen ningún problema.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (5) e da deputada non adscrita, e a abstención do Grupo Socialista (3), de DO (1) e do BNG (1), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte da Xunta de Goberno, do seguinte acordo:

1º.- Ter por declarada a utilidade pública, de conformidade co disposto no artigo 10 da Lei do 16 de decembro de 1954, de expropiación forzosa, das obras de acondicionamento e mellora integral na OU-0509 Luíntra-Esgos, entre os puntos quilométricos 9+940 e 10+600, cuxo proxecto foi aprobado definitivamente mediante resolución da Presidencia desta Deputación número 2020/3807, no termo municipal de Esgos, ao atoparse incluídas co número 105, no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal do ano 2019 (BOP n.º31 do 6 de febreiro de 2019) e do ano 2021 (BOP n.º 33 de 10 de febreiro de 2021).

2º.- Acordar definitivamente, ao abeiro do disposto polo artigo 22, parágrafo quinto, da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia. a necesidade de ocupación, con carácter urxente, dos bens e dereitos necesarios para execución das obras acondicionamento e mellora integral na OU-0509 Luíntra-Esgos, entre os puntos quilométricos 9+940 e 10+600, n.º 105/POS/2019 e n.º 105/POS/2021, no termo municipal de Esgos, para os efectos da expropiación forzosa tramitada por esta Deputación, de acordo co previsto no **artigo 21 da Lei de 16 de decembro de 1954, de expropiación forzosa e de conformidade co reflectido no cadro seguinte:**

Nº expediente	Polígono	Parcela	Referencia Catastral	Propietario	Clasificación	M² expropiados
1	22	205	32032A02200205000 OJJ	COMUNIDAD VECIÑOS	Rústico de especial protección	61,61
2	22	323	32032A02200323000 OJF	RAMONA DELRÍO CACHALDOR A	Rústico de especial protección	230,63
3	22	238	32032A02200238000 OJE	HEREDEROS	Rústico de especial protección	1.544,16

4	21	151	32032A02100151000 OJQ	HEREDEROS	Rústico de especial protección	267,31
---	----	-----	--------------------------	-----------	---	--------

3º.- Notificarlles esta resolución aos interesados e ordenar a súa publicación no BOP, nun diario dos de maior circulación na provincia e no taboleiro de anuncios do concello afectado, de conformidade coa lexislación vixente.

* Información: Sección de Patrimonio e Expropiacións: rúa do Progreso, n.º 32 Ourense 32003,(tfno:988317535,expropiaciones@depourense.es).

3º.- ACEPTACIÓN DA DELEGACIÓN DE COMPETENCIA FORMULADA POLO CONCELLO DE BOBORÁS, PARA A TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE EXPROPIATORIO DA PARCELA CON REFERENCIA CATASTRAL 32014A026001620000GP, NECESARIA PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DE CENTRO DE SAÚDE, NO TERMO MUNICIPAL DE BOBORÁS.

O Sr. secretario explica o contido da proposta.

D.^a Rosario Rodríguez Delago, do Grupo Socialista, indica que se trata dunha cuestión do Concello dentro da súa autonomía municipal, polo que respectan a súa solicitude de delegación.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (5), de DO (1), do BNG (1) e da deputada non adscrita, e a abstención do Grupo Socialista (3), a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1º.- Aceptar a delegación de competencia formulada polo concello de Boborás, para a tramitación do expediente expropiatorio da parcela con referencia catastral 32014A026001620000GP, necesaria para a execución das obras de construción de centro de saúde, no termo municipal de Boborás.

2º.- Requerirlle ao Concello de Boborás para que mediante a sinatura dun convenio

expropiatorio coa Deputación de Ourense, asuma as obrigas económicas derivadas da tramitación do citado expediente expropiatorio.


4º.- REVERSIÓN DE TERREOS EXPROPIADOS PERTENCENTES Á PARCELA CATASTRAL 855 DO POLÍGONO 62 DO CATASTRO DO MUNICIPIO DA POBRA DE TRIVES PARA A MELLORA DA ESTRADA PROVINCIAL “OU-0703 TRIVES-CHANDREXA”.

O Sr. secretario explica o contido da proposta.

D. Aurentino Alonso Araújo, do Grupo Socialista, sinala que nesta estrada de Trives-Chandrexa falta o quilómetro final por executar. Indica ademais que esta estrada dá acceso á estación de montaña de Manzaneda, polo que pide que canto antes se execute a súa totalidade.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (5), de DO (1) e da deputada non adscrita, e a abstención do Grupo Socialista (3) e do BNG (1) a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

Acordar a reversión a favor de D.^a M.^a José Rodríguez Pérez da parcela sobrante descrita no plano do servizo de Vías e Obras (anexo I) da estrada provincial “OU-0703 Trives-Chandrexa”, debendo este aboarlle á Deputación de Ourense o prezo xusto fixado no expediente expropiatorio tramitado no seu día, que ascende á cantidade de 486,93 €.




5º.- REVERSIÓN DE TERREOS EXPROPIADOS PERTENCENTES Á ANTIGA PARCELA CATASTRAL 172 DO POLÍGONO 502 DO CATASTRO DO MUNICIPIO DE COLES LINDEIRO COA ESTRADA PROVINCIAL “OU-0502 TOROS-OS PEARES”.

O Sr. secretario explica o contido da proposta.

Documento asinado electrónicamente (Lei 39/2015, de 1 de outubro). A autenticidade deste documento pode ser comprobada mediante o CSV: 13525417636163462031 en <https://sede.depourense.es>

Non se producen intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (5), de DO (1) e da deputada non adscrita, e a abstención do Grupo Socialista (3) e do BNG (1) a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

Acordar a reversión a favor de D. Emidio Rodrigues Palmeira da parcela sobrante descrita no plano do servizo de Vías e Obras (anexo I) da estrada provincial “OU-0502 Toros-Os Peares”, debendo este aboarlle á Deputación de Ourense o prezo xusto pagado pola administración expropiante, que ascende á cantidade de 390,02 €.



6º.- MOCIÓN DE URXENCIA.- Non se presentan.

7º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Non se formulan.

E ás 18.35 horas dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.